



Nº EXPEDIENTE: 2026/SUBDIREC/000014

ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CENTRO ASOCIADO DA UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA EN PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA APOIAR A ORGANIZACIÓN E IMPARTICIÓN DA XXXVII EDICIÓN DOS CURSOS DE VERÁN

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

I. ANTECEDENTES:

- 1.- O 24.03.2026 a UNED de Pontevedra solicita a través da sede electrónica do concello de Pontevedra unha solicitude para o outorgamento dunha subvención por importe de 9.400 € como colaboración ao desenvolvemento da XXXVII edición dos Cursos de Verán.
- 2.- Por providencia ditada polo Concelleiro da área de Dinamización Social e Cultural o 26.03.2026, dispúxose iniciar o expediente para outorgamento dunha subvención directa ao Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia en Pontevedra (UNED), co CIF Q3600439H para apoiar á organización e impartición da XXXVII Edición dos Cursos de Verán.
- 3.- Xúntase informe da Asesoría Xurídica de data 22.04.2026.
- 4.- Xúntase informe de Intervención de data 06.05.2026 onde se fai constar que “se solventaron as discrepancias formuladas, de acordo co previsto na base 81.1.a de execución orzamentaria, infórmase o expediente DE CONFORMIDADE polo que procede continuar a tramitación do mesmo, remitíndonos nos demais extremos ao xa sinalado no anterior informe desta Intervención ao expediente”.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

- 1.- O artigo 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG) no mesmo sentido que o artigo 23.1 do antigo Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, Decreto de 17 de xuño de 1955 (RSCL), determina que poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan aos atribuídos á competencia local.
- 2.- Ao abeiro do establecido no artigo 3 da Ordenanza xeral municipal reguladora das subvencións do concello de Pontevedra e os seus organismos autónomos (OXS) aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17 de setembro de 2004 e publicada no BOP nº 190 do 30 de setembro, son subvencións as disposicións monetarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, sempre que cumpran os requisitos previstos no citado precepto. Neste senso, os artigos 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, en materia de promoción da cultura e ocupación do tempo libre.
- 3.- Na providencia de inicio aludida no apartado de antecedentes deste informe se explican as razóns que





xustifican a conveniencia e oportunidade para a convocatoria e posterior outorgamento das subvencións.

4.- O artigo 189.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL) establece que os perceptores de subvencións concedidas con cargo aos orzamentos das entidades locais e dos organismos autónomos virán obrigados a acreditar, antes da súa percepción, que se encontran ao corrente das súas obrigas fiscais coa entidade, así como, posteriormente, a xustificala aplicación dos fondos recibidos. No mesmo sentido o artigo 40.2 da mesma norma determina que as entidades públicas outorgantes das subvencións poderán verificar o destino dado a estas. Se tras as actuacións de verificación resultase que as subvencións non foron destinadas aos fins para os que se concedesen, a entidade pública outorgante esixirá o reintegro do seu importe ou poderá compensalo con outras subvencións ou transferencias a que tivese dereito a entidade afectada, con independencia das responsabilidades que fose lugar.

5.- A competencia para a concesión da subvención de forma directa, referente á axuda por este importe, corresponde a Alcaldía, en función do establecido no artigo 36.3 da Ordenanza xeral de subvencións, no 124.4.n) da Lei 7/1985 e no 13.2.n) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal. Así mesmo, estas atribucións foron delegadas no concelleiro responsable da Área Legal e económica por decreto da Alcaldía do 07.04.2026.

Polo exposto, no exercizo das miñas funcións delegadas,

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar a concesión dunha subvención directa, prevista nominativamente nos orzamentos municipais, ao Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia en Pontevedra (UNED), co CIF Q3600439H e por importe de 9.400,00 €.

A subvención outórgase baixo a suxeición da Ordenanza xeral municipal de subvencións, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17/09/2004, da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, do Regulamento que desenvolve a anterior, aprobado por Real decreto 887/2006, de 17 de novembro, da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nas condicións establecidas no convenio regulador da axuda económica outorgada.

Segundo: Aprobar o gasto polo importe e con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente detallada polo Servizo de Intervención:

Aplicación	Operación	Importe
05/3261/48910	12026000016231	9.400 €
Total		9.400 €

Terceiro: Aprobar o texto do convenio polo que se regula a subvención como anexo a este acordo, contido no documento co 6IVZX85WXEMGDLCY.

En Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica.

